

ARQUIVOS DE SON EN ARDORA

Con Ardora podemos elaborar distintos tipos de actividades que incorporan son. O formato de son que precisa Ardora é AU.

Todos coñecemos e empregamos habitualmente arquivos sonoros e os formatos máis coñecidos son wav e mp3.

Ardora para funcionar correctamente en contornos web precisa AU.

Existen distintas ferramentas que transforman os arquivos sonoros en formato AU, a máis coñecida é AUDACITY.

Con Audacity podemos abrir un arquivo que se atopa en distintos formatos (mp3, wav, ogg,...) e exportalo como AU

Tamén podemos empregar AUDACITY para gravar un son e logo exportalo como AU.



Audacity

Download Audacity 2.0.0 for Windows, Mac, or GNU/Linux
Other Audacity Downloads for Windows, Mac, or GNU/Linux
All Audacity Downloads

Sitio oficial de descarga :

<http://audacity.sourceforge.net/>

Audacity conta con versións para Windows, Linux e Mac

Para os que traballan con Ubuntu ou Suse, os repositorios incorporan esta ferramenta, polo que será máis doado intalala dende eles.


COMO GRAVAR OU TRANSFORMAR ARQUIVOS EN FORMATO AU CON AUDACITY

1-Gravar con audacity

Unha vez instalado Audacity no PC, abrimos a aplicación.

Prememos na primeira opción, *Arquivo – Nuevo*, e teremos un botoneira que nos permitirá:

	Iniciar gravación
	Finalizar gravación
	Reproducir arquivo
	Facer unha pausa na reprodución ou na gravación



Iniciada a gravación, veremos o resultado gráficamente na pantalla.




Agora xa podemos reproducir ese arquivo e mesmo seleccionar co rato anacos do arquivo que precisamos borrar ou cortar, incluso pegar.

Tamén podemos engadir efectos que nos permitirán modificar as voces e son.

Unha vez que temos o resultado desexado xa poderemos exportar o arquivo. Para elo vamos ao menú superior:


Arquivo – Exportar. Abrirase unha ventá, na que precisamos poñer o nome do arquivo de son e elixir o formato saínte.

Primeiro indicamos o nome, sen acentos e sen espazos e a carpeta onde gardar o son. Normalmente a mesma na que estou gardando as actividades de Ardora




menú desplegable:

Elixo: **Outros arquivos sen comprimir**



Xa elixido o formato **Outros arquivos sen comprimir**, premo no botón **Opciones** para indicarlle o formato AU. No desplegable, con múltiples opcións, elixo AU (Sun/NeXT)



Premo en **Aceptar**, logo en **Gardar**, ábrese unha nova ventá na que simplemente prememos en **Aceptar**, e o arquivo de son xa estará no formato correcto

nomedoston.au.

Este será o formato de arquivos que deberemos necesariamente incorporar a ARDORA

2-TRANSFORMAR UN ARQUIVO WAV OU MP3 EN UN ARQUIVO AU

Simplemente abrimos o arquivo con Audacity, e logo exportámolo como AU, tal como indicamos no proceso anterior.